

Expediente: 2020/G003/000431

Procedemento: Emisión de documentos administrativos e ampliación de prazos.

Asunto: Procedemento de solicitude de certificacións de empadramento e concesión de prazo extraordinario pago para o pago da taxa por tramitación de expedientes e documentos administrativos.

Resolución da Alcaldía

María Inés Monteagudo Romero, alcaldesa do Concello de Muros (A Coruña)

Considerando a declaración do estado de alarma efectuada polo Goberno, a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo (BOE núm. 67 de 14.03.2020), para afrontar a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19.

Considerando as previsións contidas no Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 (BOE núm. 73 de 18.03.2020) en concreto os artigos 7 a 16, que regulan os requisitos para solicitar moratoria na deuda hipotecaria para adquisición de vivenda habitual de quen padece extraordinarias dificultades para atender ó seu pago como consecuencia da crisis do COVID 19.

Visto que de acordo co anterior entre a documentación necesaria deberá incluírse certificado de empadramento relativo ás persoas empadroadas na vivenda, con referencia ao momento de presentación dos documentos acreditativos e os seis meses anteriores

Considerando a Ordenanza fiscal da taxa por tramitación de expedientes e documentos administrativos do Concello de Muros.

Atendendo ás restricións de mobilidade decretadas polo estado de alarma e á ausencia de atención presencial nas Oficinas municipais mentres dure o mesmo, salvo para casos de urxencia.

En virtude do establecido no artigo 21.1, apartados f) e m), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVO

Primeiro- As certificacións de empadramento, no caso de ser necesario para acreditar na entidade bancaria a petición de moratoria de cuotas hipotecarias de colectivos vulnerables como consecuencia do Real Decreto-Lei 8/20 de 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19, deberán solicitarse mediante declaración responsable e conforme ao anexo que se acompaña con esta resolución.

Concello de Muros

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 (A Coruña). Tfno. 981826050. Fax: 981762257

Segundo.- Conceder un prazo extraordinario, para o pago da taxa por tramitación de expedientes e documentos administrativos, de dez (10) días hábiles a contar desde a finalización do estado de alarma.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre e ordenar a súa publicación na Sede Electrónica e no Taboleiro de Edcitos da Corporacións a efectos do seu coñecemento xeral pola cidadanía.

En Muros a data sinalada no marxe

Asinado dixitalmente

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero

A secretaria

María Ofir Aboy García

Anexo I

Don/a con DNI e
domicilio en.....con
correo electrónico a efectos de notificación

DECLARA

Que solicita o certificado de empadramento relativo ás persoas empadroadas na súa vivenda, con referencia ó momento da presentación dos documentos acreditativos que se acompañan e aos seis meses anteriores, para solicitar a moratoria de cuotas hipotecarias de colectivos vulnerables como consecuencia do Real Decreto-Lei 8/20 de 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19 .

Relación de documentos que se acompañan con esta declaración

- Copia do DNI do solicitante
- Nome e apelidos dos demais empadroados no seu domicilio
- Copia do DNI dos empadroados no seu domicilio (no caso de menores, certificado de nacemento ou copia do libro de familia)
- Dirección de correo electrónico para envío da certificación de empadramento solicitada:

Así mesmo, responde da autenticidade da documentación presentada xunto con esta solicitude e da titularidade da conta de correo electrónico designada.

Muros, de de 2020

Sinatura

Concello de Muros

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 (A Coruña). Tfno. 981826050. Fax: 981762257